

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FUNDACIÓN MANUEL MOLDES PARA A CONCESIÓN DEMANIAL DIRECTA DA PLANTA 8ª DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DA XUNTA DE GALICIA NA RÚA BENITO CORBAL 47 DE PONTEVEDRA

1.- A Comunidade Autónoma de Galicia é titular dun inmovible situado no número 47 da rúa Benito Corbal do concello de Pontevedra consonte o Real Decreto 2434/1982, do 24 de xullo, de traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia complementado co Real Decreto 3358/1983, do 28 de decembro, de ampliación de medios e, finalmente, o Real Decreto 753/2010, do 4 de xuño, tamén de ampliación de medios. Atópase inscrito no Rexistro da Propiedade ao tomo 1884, folio 110, libro 1033 do predio 9600. Referencia catastral 9878408NG2997N0001DJ.

Por Orde do 14 de setembro de 2018 da Consellería de Facenda adscribíse o edificio da rúa Benito Corbal 47 á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (actual Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo). Con data de 9 de febreiro de 2021, a Secretaria Xeral Técnica da Consellería asina a aceptación da Acta de Entrega da planta 8ª do citado inmovible.

2.- Con data 9 de xullo de 2021, a Fundación Moldes solicita a concesión da planta 8ª do edificio administrativo da Xunta de Galicia na rúa Benito Corbal de Pontevedra e informa que dito local será destinado a unha sala de exposicións permanente, outra sala temporal e un almacén das obras da Fundación Moldes, para albergar as obras do artista Manuel Moldes. O artigo 123 do Regulamento de patrimonio de Galicia establece que corresponde realizar a proposta ao departamento responsable da xestión, conservación e administración do ben demanial implicado, é dicir, a Consellería que teña adscrito o inmovible, neste caso a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

É requisito necesario para o outorgamento dunha concesión demanial sobre un ben inmovible que este sexa de titularidade pública e teña natureza xurídica demanial. Así é o caso do inmovible sobre o que se tramitou a concesión. Conforme o artigo 33 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, para o uso privativo dun ben de natureza xurídica demanial requirírase de título axeitado a súa natureza, así, cando a ocupación se realice con obras ou instalacións fixas ou por prazo inicial superior a 4 anos, estará suxeito a concesión. Tendo en conta que o período do uso é de 20 anos, prorrogables, cómpre acudir ao negocio xurídico da concesión demanial. De conformidade co artigo 40.3 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, unha vez outorgada a concesión demanial debe procederse á súa formalización en documento administrativo. Este documento é título suficiente



para inscribir a concesión no rexistro da propiedade.

De conformidade co artigo 40.5 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, as concesións demaniais poden ser gratuítas, outorgarse con contraprestación ou con condicións ou estar suxeitas á taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de bens de dominio público regulada na Lei 6/2003, do 9 de decembro. Neste caso, atendendo as actividades que se van desenvolver no edificio por parte da Fundación Moldes, dita concesión otorgouse con carácter gratuíto.

Pode acordarse o outorgamento directo cando concorran os supostos previstos no artigo 77 desta lei ou cando se dean circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas. Así, o artigo 77 apartado b) establece, entre os supostos de adxudicación directa, que esta procede cando o adquirente sexa unha entidade sen ánimo de lucro declarada de utilidade pública ou interese social, como é o caso da Fundación Moldes. Xa que logo, neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública.

3. O convenio ten por obxecto a formalización da concesión demanial directa a favor da Fundación Manuel Moldes da planta oitava do edificio administrativo situado no número 47 da Rúa Benito Corbal de Pontevedra por un período de 20 anos, prorrogables, a contar dende a sinatura do convenio. Procederá a prorroga expresa por períodos de 3 ou menos anos mediante resolución da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, de outorgamento discrecional e previa solicitude da Fundación Manuel Moldes, que deberá comunicar o interese na prorroga da concesión cun prazo de antelación de 2 meses.

O prazo máximo da concesión, incluídas as prorrogas, non excederá de 75 anos conforme dispón o artigo 40.4 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do Patrimonio da comunidade Autónoma de Galicia. A porcentaxe de ocupación que supón a planta oitava do referido edificio é dun 8,01% para 373,85 m².

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral técnica
(asinado dixitalmente á marxe)

Beatriz Cuiña Barja

